

C2206207 PFPP C2231146

Internacionalización CIFP Imaxe e Son

Conclusiones:

O obxectivo do Seminario era facer o seguimento do proxecto propio de mobilidade.

Durante o Seminario desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Actualización de información sobre a Internacionalización do centro.
- Seguimento do protocolo do Proxecto propio:
 - > 22-23. Convocatoria-selección-xestión de mobilidades.
 - > 23-24. Solicitud de 2 prazas de profesorado e 1 de alumnado.
- Elaboración de check lists de: actividades + persoal + tempo + recursos implicados.
- Creación de Aula virtual con información sobre Coordinación Internacional.

1. Tipos de mobilidade.

PROFESORADO:

- > As mobilidades KA1_131 quedaron protocolarizadas.
- > As mobilidades KA1_171 deben analizarse. Fran Negreira estudará o procedemento para solicitar becas de profesorado no febreiro de 2024. O primeiro convenio que se proporá será con Mozambique.

ALUMNADO:

- > Logo de tratar de contactar con empresas de Portugal, Irlanda, Italia e Malta non foi posible pechar acordos con empresas que reciben ao noso alumnado para facer a FCT. Debe replantexarse a estratexia para contactar coas empresas.
- > O alumnado debe estar informado da oferta de Internacional desde o primeiro trimestre.
- > O centro debe detectar que alumnado ten formación en idioas e está interesado en mobilidades de internacional.
- > O CIFP debería ofertar un número de mobilidades "pechadas" para facer a FCT.
- > A comunicación entre Titoría, FCT e Internacional debe ser constante e de calidade.
- > Os titores, FCT e Internacional deben traballar desde o primeiro trimestre para seleccionar alumnado e contactar con empresas.
- > O alumnado debe ter un Portfolio dos seus traballos para enviar ás empresas contactadas.

2. Contacto con escolas como a nosa.

- > Para chegar ás empresas que acollan ao alumnado en FCT propoño seguir o protocolo definido no Seminario I; é dicir, establecer vínculos e acordos de cooperación entre centros formativos doutros países.
- > Definida a secuencialidade de busca de información de escolas en Europa que poden ser de interese para o centro convirá xerar sinerxias con esas escolas.
- > Debe planificarse un plan de información entre o profesorado para implicalos na selección de centros de interese cos que iniciar contactos. O ideal sería visitar os centros e tratar de contactar con empresas ás que enviar alumnado a facer a FCT.
- > A selección de escolas é un asunto que implica a todo o profesorado e as selección de empresas a profesorado e alumnado.
- > Para contactar con escolas de Europa poderíamos empezar por facer algún proxecto simple. Haberá que propor ideas.

3. Calendario:

- > Debe planificarse a oferta de mobilidades de cada curso no terceiro trimestre do curso anterior.
- > Debería publicitarse a oferta de mobilidades de cada Consorcio no mes de Outubro do curso iniciado.
- > Teñen que definirse claramente as ofertas de FCT para cada grupo: distancia, modular, ordinario.

4. As mobilidades poden plantexarse desde dous puntos de vista.

a) Interese do CIFP Imaxe e son.

O centro propón obxectivos e en función das necesidades oferta mobilidades.

b) Interese do profesorado.

O centro convoca en réxime competitivo un número determinado de mobilidades para o profesorado.

O profesorado interesado en facer unha mobilidade tipo **Job shadowing** deberá conseguir o convite do profesorado do lugar de destino e presentar a súa proposta.

Asuntos de interese:

- ▶ Plantexar as mobilidades por parellas: mesmo lugar, mesmas datas, dúas persoas, ten derivadas e efectos imprevisibles debido á baremación.
- ▶ Consultado coa Consellería, o persoal da limpeza e de bedelería do CIFP Imaxe e son poderán optar á oferta de mobilidades.
- ▶ Debemos recurrir ás redes sociais para estar ao tanto do que pode ser de interese e que implique a Internacional.

Novas propostas de actividades

- ▶ Temos que empregar a traballar nun novo proxecto "Alumnado do CIFP Imaxe e son que está traballando polo mundo"

► Propoño para o vindeiro curso:

Un Seminario en inglés sobre:

- Proxectos KA1_171 Mobidade fóra de Europa.
- Proxectos de cooperación entre centros europeos.
- eTwinning

► A coordinación de internacional debería ter máis persoal implicado. O horario destinado ao coordinador de programas internacional é insuficiente. Proponse que se sumen ao equipo de coordinación alomenos dúas persoas unha para atender a información xenerada polos Consorcios e outra para estar ao día cos asuntos do proxecto propio.

Carlos Luis Oro Claro

Coordinador de programas internacionais

CIFP Imaxe e son

A Coruña.

A Coruña, 23 de marzo de 2023